



PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E MELLORA DOS ESPAZOS VERDES E DO ARBORADO DO PARQUE DE SALGUEIRIÑOS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

XULLO 2015.

ÍNDICE.

1. INTRODUCCIÓN.

2. CONDICIÓN XERAIS.

2.1. OBXECTO.

2.2. ALCANCE.

2.3. CONDICIÓN INICIAIS DA PRESTACIÓN DO SERVIZO.

2.4. ÁMBITO.

2.4.1. Ampliacións e detraccións.

2.5. DURACIÓN DO SERVIZO.

2.6. IMPORTE DO SERVIZO.

2.7. PREZO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO.

2.7.1. Conservación polo importe que hai que pagar (prezo 1)

3. CONDICIÓN TÉCNICAS DOS TRABALLOS: PROGRAMAS DE XESTIÓN.

3.1. PROGRAMAS DE REGAS.

3.2. PROGRAMAS DE FERTILIZADOS.

3.3. PROGRAMA DE ENTRECAVADOS E ESCARDAS.

3.4. PROGRAMA DE ESCARDAS QUÍMICAS.

3.5. PROGRAMA DE PODA E RECORTE DE SETOS E TOPIARIAS.

3.6. PROGRAMA DE REPOSICIÓN E PLANTACIÓN NOVAS.

3.7. PROGRAMA DE SEGAS DE CÉSPEDES.

3.8. PROGRAMA DE RENOVACIÓN E RESEMENTEIRA.

3.9. PROGRAMA DE SEGURIDADE DO ARBORADO.

3.10. PROGRAMA DE TRATAMENTOS FITOSANITARIOS.

3.11. PROGRAMA DE REPARACIÓN, RECEBO E RECONSTRUCCIÓN DAS ZONAS TERRIZAS.

3.12. PROGRAMA DE RECEBOS E RENOVACIÓN DOS AREEIROS NAS ÁREAS INFANTÍS.

3.13. PROGRAMA DE LIMPEZA DOS ESPAZOS VERDES.

3.14. PROGRAMA DE LIMPEZA E RECOLLIDA SELECTIVA DOS RESÍDUOS.

3.15. PROGRAMA DE LIMPEZA E RECOLLIDA DOS RESTOS VEXETAIS DERIVADOS DOS LABORES DE MANTEMENTO.

4. XESTIÓN AMBIENTAL E DA CALIDADE DO SERVIZO.

4.1. PROCEDEMENTO XERAL.

4.2. PLAN DE AUTOCONTROL DA CALIDADE.

5. VEHÍCULOS.

5.1. REQUISITOS INTRÍNSECOS.

- 5.1.1. Turismos, furgonetas, todoterreos e outros vehículos.
- 5.1.2. Camións.
- 5.1.3. Vehículos autopropulsados.
- 5.1.4. Uso de vehículos.

6. MAQUINARIA E MEDIOS AUXILIARES.

6.1. REQUISITOS INTRÍNSECOS.

- 6.1.1. Maquinaria.
- 6.1.2. Medios auxiliares.
- 6.1.3. Uso da maquinaria e dos medios auxiliares.

7. ORGANIZACIÓN TÉCNICA DO ADXUDICATARIO.

8. INSTALACIÓN PARA O PERSOAL.

9. PROMOCIÓN DO SERVIZO ENTRE OS TRABALLADORES.

9.1. INFORMACIÓN.

9.2. COMUNICACIÓN.

10. XESTIÓN INFORMÁTICA DO SERVIZO.

10.1. XESTIÓN DOS SISTEMAS DE COMUNICACIÓN.

11. RESPONSABILIDADE TÉCNICA E CONTROL DO SERVIZO.

11.1. POLA PARTE DO CONCELLO.

11.2. POLA PARTE DA EMPRESA ADXUDICATARIA.

12. CONTROL DE CALIDADE DO SERVIZO.

13. ANELLOS.

ANELLO I. TIPOLOXÍA DOS ESPAZOS VERDES.

ANELLO II. CONDICIÓNS TÉCNICAS DOS MATERIAIS.

ANELLO III. ELEMENTOS QUE HAI QUE CONSERVAR.

ANELLO IV. PLANOS.

ANELLO V. FRECUENCIA DE REFERENCIA PARA A EXECUCIÓN DOS TRABALLOS.

ANELLO VI. CADRO DO PERSOAL SUXEITO Á SUBROGACIÓN.

ANELLO VII. CONTROL DE CALIDADE DO SERVIZO.

1. INTRODUCCIÓN.

De seguido, neste Prego fixanse as bases que han regula-lo concurso para a contratación dos traballos de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arborado urbano do PARQUE DE SALGUEIRIÑOS do Concello de Santiago de Compostela (aos que se fai referencia e que se describen no dito prego).

O prego establece as condicións técnicas esixibles para garantir a conservación dos espazos verdes e do arborado urbano, de xeito que os elementos que contén se atopen en todo momento dentro duns parámetros de calidade óptimos para o disfrute dos cidadáns.

A sociedade actual aposta de xeito decidido por aquelas prácticas que fomenten o desenvolvemento sostible. Recoñecida e considerada dende o inicio esta cuestión, propónse a incorporación de criterios de sostibilidade na xestión e na conservación do patrimonio verde urbano, de xeito que se aborden de forma integral tódolos procesos biolóxicos, as relacións de consumo, o aforro energético e o uso público.

2. CONDICIÓN XERAIS.

O prego establece as condicións técnicas esixibles para a conservación dos espazos verdes e do arborado urbano.

O prego de condicións técnicas para a contratación dos traballos de conservación dos espazos verdes e do arborado urbano non considera soamente criterios de calidade/prezo na prestación do servizo, senón que insire criterios medioambientais, sociais e económicos que sirvan de referente para unha contratación pública responsable.

2.1. OBXECTO.

O obxecto deste prego establece as bases técnicas para a *Conservación e mantemento dos espazos verdes e do arborado urbano do Concello de Santiago de Compostela*, levando a cabo todas aquelas técnicas xardineiras encamiñadas a que a traza e a disposición de cadanseu elemento do xardín perdure e se consolide no tempo tal como foi concibido, ademais de contribuír ao embelecemento e mellora do valor botánico e ornamental dos elementos que o integran, considerando o uso público previsto.

2.2. ALCANCE.

Os elementos que hai que conservar nos espazos verdes son aqueles que poidan ser considerados como principios (céspede, árbores, arbustos, terrizos, etc) ademais de todos aqueles que, formando parte do xardín, interaccionan dalgún xeito cos primeiros e inflúen directa ou indirectamente no seu estado. Obedece, polo tanto, a un mantemento integral dos espazos verdes e do arborado urbano.

En consecuencia, os elementos que se inclúen no contrato serán: as pradeiras de céspede, as pradeiras naturais, as árbores, arbustos, terrizos, setos, macizos de flor, macizos de arbustivas, as redes de rega e os seus mecanismos eléctricos e mecánicos de rega, as zonas pavimentadas con pavimentos naturais, as xardineiras, estruturas florais, etc, que formen a parte ornamental.

2.3. CONDICIÓN INICIAIS DA PRESTACIÓN DO SERVIZO.

As condicións iniciais de partida constituirán o punto de referencia para levar a cabo os traballos de conservación e mantemento. Nos anexos deste prego defínenese os espazos verdes obxecto da conservación, tanto no relativo á súa situación como á súa extensión e límites.

2.4. ÁMBITO.

Os espazos verdes que hai que conservar veñen recollidos no inventario inicial relacionado no **ANELLO III. ELEMENTOS QUE HAI QUE CONSERVAR.**

A situación espacial dos elementos verdes que hai que conservar aparecen no **ANELLO IV. PLANOS.**

Os elementos puntuais externos aos espazos verdes (arborado en alcouves, xardineiras, estruturas florais, etc) inclúense no **ANELLO I.**

Os elementos existentes nos espazos verdes que son obxecto da conservación correspóndense cos especificados no apartado 2.2. Alcance.

2.4.1. Ampliacións e detraccións.

Ademais das zonas que hai que conservar inicialmente, poderán ser obxecto dun contrato complementario co adxudicatario e nas condicións da oferta, aquelas outras que, aínda que non estean incluídas no prego, se incorporen con posterioridade á adjudicación do contrato durante o período de vixencia do servizo. En calquera caso, a empresa adxudicataria deberá orientar a súa xestión para alcanzar os niveis de calidade esixibles a cadanseu elemento, independentemente do estado da recepción.

O Concello poderá modificar, por ampliación ou por detracción, as zonas enumeradas no **ANELLO I**, así coma os límites que as definen. A dita modificación deberalle ser comunicada ao adxudicatario, polo menos cun mes de antelación.

2.5. DURACIÓN DO SERVIZO.

A duración do contrato será de **UN ANO**, que comezará a contar dende a data da súa formalización.

O dito contrato poderase prorrogar expresamente ata un máximo de **UN ANO**, sendo o prazo máximo de duración contrato (incluída a prórroga) de **DOUS ANOS.**

2.6. IMPORTE DO SERVIZO.

O prezo anual do contrato ascende a **100.000€** (IVE incluído), cifra sinalada como o importe máximo de adxudicación anual.

2.7. PREZO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO.

O adxudicatario, co persoal ofertado no número e competencia profesional (que para tódolos efectos permanecerá ao seu cargo sendo o mínimo o establecido neste prego), cos equipos de maquinaria e as ferramentas, cos sistemas ofertados e máis eficaces, atenderá debidamente en tempo e forma a realización dos seguintes traballos, que se pagarán como de seguido se detalla:

a. A conservación contratada mediante o pagamento dun prezo. (prezo 1).

A dita modalidade de pagamento, rexerese polas pautas recollidas na táboa seguinte:

PROGRAMA DE XESTIÓN	MAN DE OBRA	MAN DE OBRA E FERRAMENTAS	SUBMINISTRACIÓN DOS MATERIAIS
REGA	PREZO 1	PREZO 1	PREZO 1 agás a auga.
FERTILIZADO	PREZO 1	PREZO 1	PREZO 1
ENTRECAVADOS E ESCARDAS	PREZO 1	PREZO 1	PREZO 1
ESCARDAS QUÍMICAS	PREZO 1	PREZO 1	PREZO 1
PODAS, RECORTES DE SETOS E TOPIARIAS	PREZO 1	PREZO 1	PREZO 1
REPOSICIÓN E PLANTACIÓN NOVAS.	PREZO 1	PREZO 1	PREZO 1
SEGAS DE CÉSPEDES	PREZO 1	PREZO 1	PREZO 1
ROZAS DE PRADEIRAS	PREZO 1	PREZO 1	PREZO 1
AIREADOS E ESCARIFICADOS	PREZO 1	PREZO 1	PREZO 1
RENOVACIÓN E RESEMENTEIRAS.	PREZO 1	PREZO 1	PREZO 1
TRATAMENTOS FITOSANITARIOS	PREZO 1	PREZO 1	PREZO 1 incluídos controis e apoio técnico
REDE DE REGA	PREZO 1	PREZO 1	PRECIO 1 incluído reparacións e reposicións (aspersores e demais pezas necesarias).
LIMPEZA DOS ESPAZOS VERDES	PREZO 1	PREZO 1	PREZO 1
TRATAMENTO DOS RESÍDUOS VEXETAIS.	PREZO 1	PREZO 1	PREZO 1

Materiais específicos incluídos no Prezo 1

Sen detrimento do disposto en cada apartado correspondente aos programas de xestión, considérase incluído no prezo a subministración dos seguintes materiais ou semellantes:

- Fertilizantes.
- Titores.
- Produtos fitosanitarios.
- Xestións dos residuos.
- Sementes.
- Material de rega.
- Emendas.

2.7.1. Conservación polo importe que hai que pagar (prezo 1).

O pagamento dos traballos segundo esta modalidade, efectuarase mediante facturas mensuais equivalentes á doceava parte do importe destinado para tales efectos, descontándose a baixa realizada pola empresa adxudicataria segundo a súa proposición económica. As facturas serán conformadas polo Servizo Técnico Municipal e emitidas ao mes seguinte ao da realización dos traballos.

Ao importe descontaráselle, de se-lo caso, o correspondente as posibles penalizacións que se produzan, debidas tanto ao control de calidade como ao incumprimento de determinados requisitos, nos termos establecidos no Prego de cláusulas administrativas.

No caso de que se produzan ampliacións e/ou detraccións, o importe mensual que se perciba incrementarase e/ou detraerase segundo a contía que supoña o aumento ou a detracción das zonas que había que conservar inicialmente, a contar dende o día 1 do mes seguinte ao da súa incorporación.

Non obstante, tódolos desperfectos que orixine a empresa adxudicataria nos espazos verdes obxecto deste contrato –incluíndo os elementos que conteñen- como consecuencia de calquera tipo de actuación de conservación, deberá reparalos de inmediato e pola súa conta.

3. CONDICIÓN TÉCNICAS DOS TRABALLOS: PROGRAMAS DE XESTIÓN.

O nivel de prestación do servizo será tal, que os elementos incluídos nos espazos verdes manteñan durante todo o período de vixencia un nivel de calidade óptimo. Este nivel acadarase se os traballos se executan segundo uns criterios mínimos esixibles a cadanseu labor. Estes criterios mínimos non soamente fan referencia á calidade dos espazos verdes, senón tamén á aplicación e posta en práctica de técnicas de xardinería sostible.

O licitador contará con tódolos medios idóneos para poder completa-los programas de xestión con éxito.

Os labores de conservación dos espazos verdes viarios levaranse a cabo debidamente sinalizados, cumprindo en todo momento coa normativa vixente. Así mesmo, a seguridade do persoal estará garantida polas *Técnicas de prevención de riscos laborais* axeitadas a cadanseu caso.

Ademais dos programas de xestión propostos pola empresa licitadora na fase de adxudicación, o Servizo Técnico Municipal solicitaralle ao adxudicatario aqueloutros programas específicos, que conterán as actuacións en cadanseu período, a ubicación dos labores e os medios que hai que empregar.

Os seguintes apartados, relativos aos programas de xestión, abordan os labores e as técnicas xardineiras mínimas que levarán a cadanseu elemento ao seu óptimo de calidade.

Ante calquera dúbida, discrepancia, imprecisión ou omisión nas especificacións dos programas de xestión, aplicaranse os criterios técnicos dispostos nas *Normas tecnolóxicas de xardinería e paisaxismo do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e*

Peritos Agrícolas de Cataluña (NTJ) que, á súa vez, serviron de base para o desenvolvemento dos programas de xestión que se detallan de seguido.

3.1. PROGRAMA DE REGAS.

O programa de xestión das regas deberase adaptar aos tipos de plantas e formacións vexetais presentes nos espazos verdes, coas doses e frecuencias axeitadas para que estas manteñan un crecemento e desenvolvemento normais.

Os traballos de rega deberán respectar uns mínimos que aseguren a optimización do recurso e a calidade das operacións:

- As doses e as frecuencias propostas no programa de xestión virán xustificadas e terán en consideración as especies e variedades obxecto da rega, as características do solo (textura, estrutura e pendente) e as características climáticas (precipitación, insolación, ventos, etc).
- O parámetro ETP (Evapotranspiración Potencial) empregarase para ter en conta as características climáticas e o momento da aplicación no cálculo da dose de rega.
- A achega da auga será a necesaria para satisfacer as necesidades hídricas dos elementos verdes situados sobre cada súa zona conservada.
- O importe da auga será uniforme en canto á superficie que hai que regar, regando a todos os elementos verdes tanto puntuais como superficiais de xeito que se consiga un recubrimento total.
- Os aspersores e os difusores estarán calibrados en todo momento de xeito que o seu alcance e o radio de xiro sexa o correcto, chegando a todos os puntos do elemento sen se saír dos seus límites.
- A dotación de auga e a frecuencia dos riscos serán os axeitados ás condicións orográficas nas que se atopa a formación vexetal, evitando as perdas de auga por escorrentía.
- Os paseos adyacentes e os viais deberanse atopar, en todo momento, libres dos danos polas escorrentías ou encharcamentos provocados pola mala administración da auga da rega.
- As redes automáticas e semiautomáticas manteranse en perfecto estado de limpeza e funcionamento de xeito que se minimicen as roturas ou as avarías.
- Deberanse prever os riscos precisos naquelas zonas que non dispoñan dun sistema de rega automatizada ou semiautomatizada (mangueiras, cisternas, etc).
- Optimizaranse as quendas e as doses da rega en función da época do ano, facendo un uso preferente dos programadores que comandan a rede.
- Evitarase a rega por aspersión con velocidades do vento superiores a 4m/s, especialmente cando se faga uso das augas rexeneradas.

Xunto aos criterios mínimo do Programa de xestión da rega, a empresa conservadora poderá complementar outras actuacións, debidamente xustificadas para cada situación, que contribúan non soamente ao emprego eficiente da auga senón a minimizar as perdas e a empregar fontes alternativas á auga potable, como serían:

- Minimizar as perdas por evaporación mediante o entrecavado para evitar o ascenso da auga do chan por capilaridade ou a achega de mulch e acolchados para evitar a evaporación superficial.
- Reducir as perdas por escorrentías mediante a realización de alcoves e aterraxamentos.

- Mitiga-los problemas derivados da permeabilidade ou infiltración da auga no chan, mediante a toma en consideración da textura e estrutura do chan, a aplicación de emendas ou a realización de redes de drenaxe.
- Emprega-la auga rexenerada para a rega naqueles espazos verdes que o permitan, sendo considerados os condicionantes técnicos que se derivan deste tipo de rega: as fototoxicidades, as obturacións da rede de rega, os lementos nutritivos da auga rexenerada e os aspectos sanitarios.

As empresas licitadoras definirán de forma precisa o persoal, os medios mecánicos e os vehículos necesarios para a correcta execución da rega.

Os danos ocasionados por un mal desenvolvemento dos traballos de rega, deberán ser restablecidos pola conta da empresa conservadora.

Os consumos de auga e enerxía eléctrica asociados ás instalacións de rega serán pola conta da administración contratante, estando o contratista obrigado a facer un uso racional de ámbolos dous recursos, encargándose do seu rigoroso control e dando conta ao Servizo Técnico Municipal dos consumos de cadanseu contador, cunha periodicidade mensual.

Calquera modificación nas especies vexetais que forman os espazos verdes, debe ser motivo para que a empresa conservadora revise e analice o programa de xestión da rega para axeitas ás novas condicións dos espazos conservados, de xeito que se consiga unha utilización eficiente da auga.

3.2. PROGRAMA DE FERTILIZADOS.

O programa de xestión de fertilizados desenvolverá os tipo de fertilizante propostos polas empresas licitadoras, as doses, épocas e a forma de aplicación, así como os medios necesarios para a súa correcta incorporación ao chan.

As fertilizacións que hai que efectuar durante a vixencia do contrato, desenvolveranse segundo os seguintes parámetros de calidade:

- Restrinxirase o emprego de fertilizantes químicos ás situacións nas que haxa que compensar unha carencia do chan ou para recuperar as extraccións e as perdas por mineralización ou lixiviación.
- Empregaranse fertilizantes orgánicos, minerais ou emendas adaptadas a unha xestión medioambiental sostible, coa fin de mante-los chans mellor estruturados e potenciando a súa fertilidade.
- Empregaranse fertilizantes coa etiqueta CE con contados e equilibrios axustados á época da aplicación e ás necesidades das especies.
- A fertilización estará exenta de elementos estraños, axentes patóxenos, metais pesados, sementes de herbas malas e outras impurezas, ademais de non atraer insectos ou outros vectores.
- Realizaranse analíticas do chan antes da aplicación dos fertilizantes.
- O fertilizado axustarase ás características do chan e á época da aplicación, e levarase a cabo con medios proporcionais á superficie que se vai fertilizar e ó tipo de formación vexetal.
- Evitarase o fertilizado nitroxenado no outono e no inverno.
- Evitarase o emprego de turba substituíndoa por compost, ou as súas mesturas, procedente dos restos vexetais.
- Realizarase unha distribución regular do fertilizado de xeito que se evite a sobrefertilización en zonas puntuais.

- Manterase unha franxa de 2 a 10m de ancho sen fertilizar xunto a láminas de auga, asegurándose que tanto de xeito directo coma indirecto por deriva, non se afectará á dita franxa de protección.
- O reparto do fertilizante realizarase de xeito uniforme en toda a superficie da aplicación.
- Empregaranse preferentemente fertilizantes equilibrados na súa composición, con porcentaxes relativamente baixos en nitróxeno e de liberación lenta, evitando a contaminación de nitritos das augas subterráneas e reducindo as necesidades hídricas.
- Os guanos que se empreguen no fertilizado serán maduros ou compostados, sendo necesario aplicalos adicionando outros materiais orgánicos que equilibren o produto.
- Os traballos de fertilización requirirán a limpeza final da zona para mantela libre de residuos.
- O transporte, manipulado e o almacenado dos fertilizantes realizarase sen causar molestia ningunha, e asegurando que as súas propiedades e estabilidade se manteñen inalterables.

As empresas licitadoras definirán de xeito preciso, o persoal e os vehículos necesarios para a correcta execución do fertilizado.

O Servizo Técnico Municipal poderá solicitar mostras dos fertilizantes empregados así como a súa análise, para verificar a súa idoneidade, sendo os gastos derivados das ditas análises pola conta da empresa conservadora.

Na aplicación dos tratamentos empregaranse medios, produtos e procedementos efectivos e non tóxicos. Priorizarase o emprego de produtos ecolóxicos certificados e de eficiencia contrastada que destaquen pola súa nula toxicidade para as persoas, os animais e as plantas, e que sexan inócuos ao se difundiren polo chan, o aire ou a auga.

3.3. PROGRAMA DE ENTRECAVADOS E ESCARDAS.

Os labores de entrecavado e escarda realizaranse en tódalas superficies que así o requiran, de xeito que desaparezan as herbas malas e se manteña a boa estrutura do chan.

Establécense as seguintes normas xerais para aborda-lo labor coa calidade esperada:

- A eliminación das herbas malas deberá ser total, ponendo especial coidado na contorna e debaixo dos elementos do mobiliario urbano, os xogos infantís, etc.
- A frecuencia e a profundidade do entrecavado ou a intensidade da escarda, axustarase á formación vexetal e ás especies que hai que tratar, evitando en todo momento dana-lo seu sistema radicular.
- O entrecavado desenvolverase cando o chan se atope en tempero para conseguir unha boa estrutura.
- Despois de efectua-los entrecavados e as escardas, restrelarase o chan para alisa-lo terreo e elimina-los elementos estraños (pedras, herbas, etc).
- Tra-lo entrecavado ou a escarda retiraranse os restos, non quedando depositados nin sequera de xeito eventual.

As empresas licitadoras poderán propor as medidas adicionais ao entrecavado e a escarda para a eliminación ou minimización de herbas malas, e cuia idoneidade será valorada polo Servizo Técnico Municipal.

No modelo de datos proposta para estas labores no ANELLO 5, deberán quedar reflectidas as frecuencias e as épocas de realización sobre os elementos dos espazos verdes, así coma os medios asociados.

3.4. PROGRAMA DE ESCARDAS QUÍMICAS.

A pesar de que o ideal para este servizo é o emprego mínimo de herbicidas e o control temporal das plantas adventicias, este resulta normalmente insuficiente, polo que é necesario recorrer aos tratamentos químicos, especialmente nos elementos máis esixentes en aparencia, como é o caso das pradeiras de céspede.

Este programa recollerá os herbicidas propostas para cada súa superficie, materia activa, dosificación, forma e medios de aplicación. En relación coa presenza de herbas malas e as escardas químicas deberán cumprirse as prescricións seguintes:

- Evitarase, na medida do posible, o emprego de produtos químicos para a eliminación de plantas adventicias, empregándose como alternativa métodos culturais e naturais non agresivos co medio.
- A frecuencia da escarda será a axeitada, de forma que a presenza das herbas malas no elemento que hai que conservar sexa inapreciable, especialmente nas zonas pavimentadas e nas zonas terrizas.
- A aplicación do produto realizarase de xeito uniforme en toda a superficie, poñendo un coidado especial na contorna e debaixo do mobiliario urbano, os carteis, etc.
- A dosificación da herbicida adaptarase ao tipo de vexetación que hai que eliminar.
- A escarda realizarase cos equipos axeitados atendendo ao tipo de superficie, condicións meteorolóxicas e á presenza de usuarios no parque ou espazo verde.
- O manexo dos produtos fitosanitarios realizarase fóra do elemento que se vai tratar.
- Nos bordos do elemento (céspede, terrizo, etc) evitarase o contacto coa vexetación próxima ou coas raíces das árbores, tratando a baixa presión coa axuda dunha campá protectora axeitada.

O contro do produtos químicos será análogo al empregado nos tratamentos fitosanitarios.

As empresas licitadoras definirán de xeito preciso o persoal e os vehículos necesarios para a correcta execución das emendas.

3.5. PROGRAMA DE PODA E RECORTE DE SETOS E TOPIÁRIAS.

A poda buscará o máximo nivel estético posible da especie, manter o vigor da especie, adecuar a estrutura da especie á función que desempeña na zona verde, reduci-lo risco de fracturas das pólas e a caída e rotura das árbores, evita-lo rozamento das pólas cos edificios e infraestruturas e reduci-la proliferación das pragas ou enfermidades pola presenza de ramaxe e follaxe seca ou afectada.

Este programa definirá o tipo de poda que hai que realizar, a especie, a situación, así como o número de exemplares arbóreos.

Os obxectivos mínimos de calidade que deberán cumprir son:

- As árbores dos espazos verdes carecerán de pólas secas, infectadas, rotas ou mal formadas e brotes, conservándose a estrutura característica da especie.
- Adaptarase cada especie vexetal ás necesidades do uso do espazo no que se desenvolve.
- A poda realizarase na época adecuada á especie, localización, idade, necesidades e os obxectivos previstos para o exemplar ou grupo de exemplares.
- A poda executarase equilibradamente, formando correctamente as árbores, reformando aquelas que estean mal formadas e/ou reequilibrando as copas descompensadas.
- Os cortes deberán ser limpos, sen esgallos e respectando o engrosamento da póla.
- A poda das pólas secas executarase sen dana-los tecidos vivos.
- A estrutura resultante será a prevista e axeitada ao tipo de poda.
- A severidade da poda será a estritamente necesaria, evitando eliminar máis do 25% da ramaxe.
- As ferramentas empregadas estarán limpas e desinfectaranse regularmente en cada cambio de exemplar.
- A empresa conservadora cumprirá cos protocolos de poda e trepa, quedando obrigada a minimiza-los riscos asociados aos traballos mediante o uso obrigatorio de EPI's polos operarios.
- A empresa conservadora deberá garantir na operación de poda a seguridade dos ens e das persoas mediante unha correcta sinalización e balizamento.
- Os restos da poda serán axeitadamente recollidos deixando limpa a zona, inmediatamente despois da execución dos traballos ou no transcorrer da mesma xornada.

Poda e pinzado dos arbustos.

- A poda responderá á época e ao tipo de vexetación, tendo en conta que non sempre é necesario facela.
- As ferramentas empregadas serán as máis axeitadas á especie e formación vexetal.
- O corte efectuarase adecuadamente, limpo e sen esgallos, ademais de facelo no lugar correcto para favorecer unha resposta do arbusto en relación ao crecemento, floración ou frutificación ou en canto ao peche da ferida.
- Manterase a forma, porte, volumen e o uso dos arbustos favorecendo a floración e a presenza de xemas florais, flores e froitos desexados.
- As ferramentas de corte estarán limpas e serán desinfectadas continuamente.
- Os restos da poda serán axeitadamente recollidos deixando limpa a zona, inmediatamente despois da execución dos traballos ou no transcorrer da mesma xornada.

Recorte de setos e topiárias.

- O recorte executarase na época axeitada, evitando os período das xeadas e o calor intenso.
- As ferramentas empregadas serán as máis axeitadas á especie e formación vexetal.
- A frecuencia do recorte será a necesaria para favorece-los brotes e conseguir a xeometría e o tamaño do seto ou topiaria esperado para cadansúa especie.
- As ferramentas de corte estarán limpas e serán desinfectadas continuamente.
- Os restos da poda serán axeitadamente recollidos deixando limpa a zona, inmediatamente despois da execución dos traballos ou no transcorrer da mesma xornada.

No modelo de datos proposto para estes labores no ANELLO 5 deberán quedar reflectidas as frecuencias e as épocas de realización da poda segundo a especie, pinzados e recortes, así coma os medios asociados.

Aos pés que deban ser apeados, sacaráselle as pólas e serán tronzados "in situ". En función da situación, o diámetro ou as directrices do Servizo Técnico Municipal a empresa conservadora procederá ao destoconado para a extracción da raíz, reenchendo o baleirado, quedando a zona nivelada e restrelada.

Non se excederá en máis de 1 mes, o prazo de execución do apeo ou destoconado desde a autorización polo Servizo Técnico Municipal.

3.6. PROGRAMA DE REPOSICIÓNS E PLANTACIÓNS NOVAS.

A reposición das plantas mortas ou que perdan considerablemente as súas características botánicas e ornamentais será pola conta da empresa adxudicataria cando se deriven dunha conservación deficiente, como a rega insuficiente ou inadecuada, a falta de control fitosanitario, a mala calidade da planta, a deficiente execución da plantación, etc.

As árbores e os arbustos que hai que repoñer serán idénticos aos existentes, sendo o Servizo Técnico Municipal o que definirá o calibre, as dimensións e o formato de presentación das plantas.

Plantación das árbores.

- As dimensións do focho serán proporcionais á plantación que hai que facer.
- A planta cumprirá cos parámetros de calidade esixibles para ao seu desenvolvemento, conformación, proporción e estado sanitario.
- Seleccionaranse preferentemente especies e variedades autóctonas resistentes á seca, que toleren niveis de contaminación atmosférica e sexan máis resistentes ás pragas e ás enfermidades.
- Evitarase, sempre que sexa posible, o emprego de especies alérxenas.
- Sempre que sexa posible e, segundo as circunstancias de cadanseu caso, seleccionaranse os individuos de porte axeitado, evitando sempre plantar individuos de porte grande ou maior idade –os cales van supor máis dificultades na súa adaptación e requirir máis recursos no seu mantemento.
- O transporte, empaquetado, a protección das raíces, a manipulación no punto da plantación e o aviverado, de se-lo caso, efectuaranse de xeito adecuado e sen causar danos na planta.
- A época da plantación será a axeitada á presentación da planta, o tipo da planta e o seu lugar de plantación.
- O proceso de plantación executarase mediante un sistema de drenaxe axeitado, asentado, aplomado, o recheo e pisado da planta, de xeito que esta quede perfectamente recta e centrada no focho.
- As plantas que non teñan garantida a súa estabilidade deberán ser entitoradas ata o seu enraizamento, por un período de 2 anos.
- Efectiarase a rega da instalación proporcional ao tipo de planta, a época e o lugar da plantación.
- Tra-la plantación limparase a zona deixándoa libre de substratos e residuos.
- Cambiaranse as terras se fose necesario.

Plantación de arbustos.

- Removerase a área da plantación nunha profundidade mínima de 60cm.
- As dimensións do focho e o maco da plantación serán os axeitados á plantación que hai que realizar.
- Seleccionaranse preferentemente especies e variedades autóctonas resistentes á seca, que toleren niveis de contaminación atmosférica e sexan máis resistentes ás pragas e ás enfermidades.
- Evitarase, sempre que sexa posible, o emprego de especies alerxénicas ou con partes tóxicas, especialmente nas proximidades das áreas de xogo infantís e nos patios e xardíns escolares.
- Tanto nos macizos de arbustos coma nos setos, proporase un axeitado marco de plantación coa fin de evitar problemas fitosanitarios futuros e de mantemento.
- A planta cumprirá cos parámetros de calidade esixibles para o seu desenvolvemento, conformación, proporción e estado sanitario.
- O transporte, o empaquetado, a protección das raíces, a manipulación no punto da plantación e o aviverado, de se-lo caso, será correcto sempre.
- A época da plantación será a adecuada á presentación, da planta, o tipo de planta e o lugar da plantación.
- O proceso da plantación executarase correctamente no relativo ao seu asentado, aplomado e recheo, de xeito que esta quede perfectamente recta e centrada no focho.
- Achegarase algún tipo de substrato ou fertilizante na plantación.
- Disporanse acolchados ou sistemas de protección.
- Efectuarase a rega da instalación proporcional ao tipo de planta, a época e o lugar da plantación.
- Tra-la plantación limparase a zona deixándoa libre de substratos e residuos.

Plantación da flor de tempada.

- Eliminaranse e retiraranse as plantas existentes.
- Preparase o terreo cun volteo de, como mínimo, 40cm.
- As dimensións do focho e o marco da plantación serán os xeitados á plantación que hai que realizar, segundo a especie, o tamaño e a presentación.
- Deberanse seleccionar especies e variedades adaptadas á climatoloxía da zona e con necesidades hídricas baixas.
- Realizarase un plan anual de plantacións da planta de flor definindo a especie, a época, a cor, a densidade, a presentación e a frecuencia das reposicións.
- A planta cumprirá cos parámetros de calidade esixibles para o seu desenvolvemento, conformación, proporción e estado sanitario.
- O transporte, o empaquetado, a protección das raíces, a manipulación no punto da plantación e o acopio, de se-lo caso, será correcto sempre.
- A época da plantación será a axeitada á presentación da planta, a especie e o seu lugar de plantación.
- O proceso da plantación executarase correctamente no relativo ao seu asentado, aplomado e recheo, de xeito que esta quede perfectamente recta e centrada no focho.
- Achegarase algún tipo de substrato ou fertilizante na plantación.
- Efectuarase a rega da instalación proporcional ao tipo de planta, a época e o lugar da plantación.
- Tra-la plantación limparase a zona deixándoa libre de substratos e residuos.

Xunto a estas medidas, tomaranse en consideración outras que fomenten a xestión sostible dos traballos de reposición e de nova plantación.

- Na subministración da planta, evitárase o exceso de envoltorios para minimizar a produción de residuos dos envases, e empregaranse envases fabricados con materiais reciclados, biodegradables ou retornables.
- Realizarase a recollida selectiva dos residuos xerados polas reposicións e as plantacións novas, coma macetas, bandexas, residuos vexetais, envoltorios plásticos, cartón.

Os residuos vexetais trasladaranse a unha planta de compostaxe autorizada e o resto dos residuos serán xestionados convenientemente.

3.7. PROGRAMA DE SEGAS DE CÉSPEDES.

A frecuencia da sega non se pode establecer con precisión, senón que dependerá das condicións do cultivo (temperatura e humidade), a fertilización e o tipo de céspede (especie e cultivo). Aínda así, determinaranse uns criterios mínimos para a execución das segas, que xunto coa rega e a fertilización, condicionarán en grande medida o seu valor ornamental e o nivel da calidade do céspede.

A variedades de mesturas cespitosas presentes nos espazos verdes, fan necesario un mantemento diferenciado, xa que os labores asociados presentarán variación en función do tipo de céspede. Neste sentido, tomaranse como referencia as categorías de mantemento de céspedes e pradeiras recollidas na *NTJ 14G: Mantenimiento de Céspedes No Deportivos y Praderas*.

- A empresa licitadora propondrá as frecuencias e as alturas máximas segundo a composición específica e a categoría dos céspedes.
- A sega realizarase sobre unha superficie uniforme, seca e na que xa foran eliminados os residuos vexetais e aqueles residuos sólidos superiores a 25mm, coa fin de evitar danos na maquinaria e que sexan proxectados.
- A maquinaria que hai que empregar e a frecuencia da sega serán as axeitadas ao tipo de céspede e ó espazo de traballo.
- A altura do céspede virá condicionada pola súa categoría. Como norma xeral, a altura manterase en todo momento entre 10 e 20cm, conformándose unha contorna regular e os bordos recortados. Non obstante, efectuarase un corte menor naquelas superficies cespitosas que así o requiran.
- Como norma xeral cortarase como máxima 1/3 da altura total do céspede e sempre que o tipo de céspede o permita a altura do corte será preferentemente alta para evita-las perdas de auga por evapotranspiración.
- O corte será limpo, sen esgallos e coidando de non danar coa maquinaria as árbores e os arbustos.
- Cando o céspede limite con outros elementos vexetais, pavimentos, dasaugadoiros, mobiliario, etc, recortaranse cos medios adecuados á mesma altura da sega.
- Coa fin de evitar os graves danos causados pola maquinaria da sega nas árbores sobre o céspede, crearase un círculo perimetral de area de río ou outro material de semellantes características de 0,5 veces o radio do toro da árbore.
- A reposición do carburante da maquinaria levarase a cabo fóra do céspede para evitar calquera vertido.
- Para unha boa calidade do corte deberanse manter en todo momento as cuchillas afiadas.

Tra-la sega e o recorte, retiraranse os restos, non quedando depositados nin de xeito eventual, sendo eliminados na mesma xornada.

3.8. PROGRAMA DE RENOVACIÓN E RESEMENTEIRA.

A empresa conservadora deberá garantir en todo momento o recubrimento, homoxeneidade e a regularidade da pradeira, independentemente de que o seu mal estado sexa consecuencia do desgaste polo uso, a decrepitude, as deficiencias na sementeira ou o mantemento escaso. Para iso deberá considerar un programa de renovación e resemteira que teña en consideración os criterios seguintes:

- A superficie do céspede estará totalmente cuberta, homoxénea na mestura das especies e co terreo nivelado.
- A renovación ou resemteira da pradeiras executarase na época idónea (principio da primavera e/ou principio do outono), logo de se valida-la mestura correspondente polo Servizo Técnico Municipal.
- Seleccionaranse especies adaptadas ás condicións climáticas da zona, de maior rusticidade, resistentes á seca e ás temperaturas extremas e con menor demanda de rega, segas e aplicación de fertilizantes.
- A preparación do terreo ou o laboreo efectuarase coas ferramentas ou maquinaria axeitadas e á profundidade idónea.
- Para unha correcta recuperación, deberase achegar mantillo vexetal libre de herbas malas para así evita-lo tratamento con herbicidas.
- A dose da sementeira será a adecuada ao tipo de céspede que hai que renovar ou resemtear.
- Achegarase algún tipo de fertilizante ou cubresemteiras nas doses axeitadas ás especies introducidas.
- A superficie sementada rularase para a súa nivelación.
- Realizarase unha rega inmediatamente despois da sementeira.
- Ao remata-los labores, acoutaranse e sinalizaranse as zonas sementadas con tódolos medios necesarios para a súa protección.
- Despois de realiza-lo labor eliminaranse os restos xerados.

3.9. PROGRAMA DE SEGURIDADE DO ARBORADO.

A xestión do arborado urbano é unha tarefa que require un esforzo continuado de estudo e actuación, que ten por obxecto non soamente a preservación dos exemplares nun correcto estado fitosanitario, senón tamén garantir a seguridade dos usuarios.

Este labor será especialmente significativo, dado que unha parte importante do arborado urbano está constituído por exemplares adultos.

Será responsabilidade da empresa adxudicataria a planificación, o desenvolvemento, o seguimento e o control da sanidade vexetal e da seguridade do arborado, sendo esta responsable dos danos que se puideren xerar sobre o propio arborado ou sobre terceiros, como consecuencia do incumprimento dos requisitos establecidos no programa ou a mala praxe na súa execución.

O obxectivo do programa consiste en prever as posibles situacións que poden comprometer a sanidade vexetal e a seguridade das persoas. Non obstante, a aplicación exhaustiva do programa non garantirá que non se produzan accidentes – porque poden acontecer situacións de forza maior- pero si permitirá dispor da información necesaria para toma-las medidas máis axeitadas cada ano, ao estar vencellado ao mantemento actualizado do inventario nese senso.

A empresa licitadora propondrá a metodoloxía que hai que seguir na xestión do arborado urbano en relación á sanidade vexetal e á seguridade. O dito programa deberá conter, polo menos, os seguintes aspectos:

- Ámbito de aplicación.
- Análise visual.
- Obxectivos da análise visual.
- Outras técnicas alternativas á análise visual.
- Determinación da probabilidade de fractura ou caída dos exemplares ou das súas partes.
- Metodoloxía para determina-la magnitude dos danos a persoas ou a bens que se pudiesen ocasionar, mesmo o número de exemplares que cada ano se testifican.

3.10. PROGRAMA DE TRATAMENTOS FITOSANITARIOS.

O uso de produtos fitosanitarios pode exercer efectos nocivos indesexables en organismos distintos ao del diana, especialmente sobre o home, así como sobre o medio ambiente. Por este motivo o Servizo Técnico Municipal aposta pola redución do uso de praguicidas nos parques e xardíns públicos, e polo fomento doutras medidas compatibles cun mantemento sostible, como:

- Desenvolve-los métodos preventivos necesarios para minimizar a presenza e a propagación das pragas e as enfermidades nas especies vexetais. Selección de especies resistentes, axeitada limpeza da ferramenta, calidade do material vexetal da plantación, drenaxe axeitado de substratos da sementeira e da plantación, etc.
- Potencia-la loita ecolóxica/biolóxica mediante insectos, paxaros, insectívoros, bandas cromáticas, lámpadas de vapor de mercurio, trampas con feromonas, etc.
- Emprego de fitosanitarios con materias activas ecolóxicas ou con materias activas de tipo hormonal e orgánico.
- Uso de fitosanitarios de Baixo impacto ambiental, con baixa toxicidade para a fauna, específicos para o problema que hai que resolver, a baixas doses, en formulacións granuladas ou encapsuladas para reducir-lo risco de contaminación por vertidos accidentais ou microencapsuladas e de liberación lenta para reducir o movemento e a lixiviación dos fitosanitarios no chan.

Xa que un dos aspectos que máis inciden no valor ornamental das especies vexetais é o seu estado fitosanitario, deberase elaborar un programa que recolla ademais dos métodos preventivos, os medios de detección, valoración e seguemento do estado fitosanitario da vegetación, así como os produtos ecolóxicos ou non ecolóxicos propostos, sinalando as materias activas, a dosificación e a forma de aplicación.

Serán criterios mínimos esixibles para este labor:

- A aplicación deste tipo de produtos levarase a cabo por persoal e empresas cualificadas (carné de aplicador e rexistro de empresas aplicadoras de fitosanitarios).
- O tratamento levarase a cabo coas condicións climáticas que optimicen a súa eficacia.
- O tratamento realizarase nos momentos óptimo do hóspede e o axente patóxeno que hai que tratar, segundo o estadio ou fase do ciclo no que se atopen.

- Aplicarase no horario que minimize os prexuízos a terceiros, especialmente no horario nocturno de 23.00 a 6.00h.
- A dose empregada será á axeitada para a superficie que se vai tratar e ao tipo de equipo que se empregue (atomizadores, equipos de alta e baixa presión, mochilas, etc) adaptando as doses aos diferente consumos de auga.
- A aplicación do produto realizarase de xeito uniforme en toda a superficie empregando o tamaño de boquilla máis recomendable en función das doses por hectárea e a velocidade do traballo, así como unha axeitada presión do traballo nela, de xeito que se poida reducir ao mínimo a deriva.
- Os tratamentos preventivos quedarán limitados ás especies sensibles a determinadas pragas ou enfermidades e soamente para previlas.
- O tratamento realizarase cos equipos e a metodoloxía máis adecuada, atendendo ao tipo de superficie, condicións meteorolóxicas e á presenza de usuarios no parque e nos viais. Será prioritario o uso dos equipos de aplicación de baixa deriva.
- Non se tratará directamente sobre fontes, rías, lagos, canais ou calquera curso de auga, procurando deixar bandas sen tratar na súa contorna e non permitindo que a deriva do pulverizado acade esas zonas.
- Limitarase e/ou sinalizarse cos elementos de protección e balizamento que sexan necesarios, o ámbito dos traballos cando comporten risco para as persoas.
- Os equipos de aplicación serán debidamente calibrados e mantidos en perfectas condicións para evitar derrames ou consumos innecesarios.
- Cando os tratamentos fitosanitarios sexan ou veñan acompañados de poda ou tala para a eliminación do material vexetal afectado, os restos serán inmediatamente retirados e xestionados para a súa eliminación.
- Os envases baleiros serán xestionados directamente pola empresa a través dun xestor autorizado.

Será de aplicación inmediata a lexislación nova en materia de fitosanitarios. *Real decreto 1311/2012 de 14 de setembro.*

3.11. PROGRAMA DE REPARACIÓN, RECEBO E RECONSTRUCCIÓN DE ZONAS TERRIZAS.

A prestación dos labores de reparación, recebo e reconstrución das zonas terrizas aplicarase sobre aquelas superficies que presenten un tratamento superficial de acabado a base de áridos naturais ou artificiais compactados, provistos ou non de produtos ligantes.

Independentemente dos tres traballos que se desenvolven neste epígrafe, o Servizo Técnico Municipal poderá requirir cantas medicións, ensaios, probas ou análises (análise granulométricos, CBR, determinación dos valores críticos/límites de Atterberg...) que determinen para garantir a trazabilidade do proceso, dende as características dos materiais ata a execución das obras, sendo pola conta da empresa adxudicataria o custo da súa realización.

Os labores de conservación que hai que realizar sobre as zonas terrizas son os seguintes:

Reparación das zonas terrizas.

Este traballo consistirá na reparación da superficie do firme erosionada polo efecto da auga ou por calquera tipo de actividade que se realice nos espazos verdes,

provocando escorrentías, cárcavas, arrastres, fochos, blandóns e fochas e abranguerá, polo menos, as seguintes actuacións:

- Retirada e xestión dos materiais acumulados.
- Saneado previo da zona que hai que reparar.
- Achega do árido ou material por tongadas, en cantidade suficiente e coa calidade adecuada.
- Humectación, compactación e nivelación dos diferentes perfís da zona reparada ata conseguí-la rasante orixinal.
- Emprego das ferramentas e maquinaria axeitadas segundo o tipo de superficie.
- Limpeza dos restos construtivos ou dos materiais procedentes da reparación.

O arranxo das escorrentías, cárcavas, arrastres e focos efectuarase de xeito inmediato logo de se detectaren, cando as condicións físicas dos terros o permitan, mentres que os blandóns e as fochas requirirán dun estudo previo global das zonas terrizas concernientes á unidade xeográfica considerada. A substitución puntual dos firmes deteriorados pola acumulación de auga ou pola drenaxe deficiente, será tratada coma un traballo de reparación e, en consecuencia, requirirá a aplicación dos labores indicados anteriormente e que, en función da súa magnitude, será ou non de aplicación inmediata.

En calquera caso, precisarase a aprobación do Servizo Técnico Municipal no relativo ao momento e a forma de levar a cabo os ditos labores, e indicará, de se-lo caso, os materiais de arrastre que poidan ser reutilizados, así como as características dos novos que hai que empregar.

Recebo da capa de rodadura.

Este labor consistirá en restituí-la capa superficial de árido, como consecuencia do arrastre ou desprazamento polo efecto das precipitacións, o desgaste pola circulación dos vehículos e do persoal, labores de escarda, limpeza e contaminacións causadas por soportaren na súa superficie materiais orgánicos, terra vexetal e/ou produtos diversos.

O recebo levarase a cabo da forma e no momento en que as condicións físicas dos terreos o permitan e abranguerá, polo menos, as seguintes actuacións:

- Retirada e xestión dos materiais acumulados.
- Reparación das gabias e dos elementos da drenaxe superficial.
- Compactación inicial do chan.
- Achega do árido ou material por tongadas, en cantidade suficiente e coa calidade apropiada.
- Humectación, compactación e nivelación da superficie recibada.

As características dos materiais utilizados para os recibos serán as marcadas polo Servizo Técnico Municipal cun perfil mínimo de 5cm de media.

Para o caso dos pavimentos realizados con produtos ligantes, seguirase o procedemento específico para a súa execución.

O Servizo Técnico Municipal validará a situación, a forma e o momento de levar a cabo os ditos labores.

Reconstrución integral das áreas terrizas.

Realizarase naqueles casos en que se produzan danos de importancia que requiran dun tratamento en profundidade.

A reconstrucción integral deste tipo de superficies precisará, polo menos, as seguintes actuacións:

- Escavación e apertura da caixa nas dimensións axeitadas coa retirada e a xestión dos materiais.
- Saneamento, nivelación e compactación da escavación.
- Achega de materiais granulares e áridos, en cantidade suficiente e coa calidade apropiada.
- Execución da subbase e da capa de rodadura coas dimensións suficientes e a compactación axeitada.
- Construción e/ou reparación das gabias e dos elementos da drenaxe superficial.

Para o caso dos pavimentos realizados con produtos ligantes, seguirase o procedemento específica para a súa execución.

Os materiais e tódolos labores e medios mecánicos necesarios para estes traballos, serán pola conta da empresa adxudataria, agás nos materiais que polas súas características excepcionais se pagarán a través de medición, por valoración da obra, o servizo ou a subministración realizada.

O Servizo Técnico Municipal validará a situación, a forma e o momento de levar a cabo os ditos labores e indicará, de se-lo caso, os materiais que poideran ser reutilizados.

3.12. PROGRAMA DE NIVELACIÓN, RECEBO E RENOVACIÓN DOS AREEIROS DAS ZONAS INFANTÍS.

Os areeiros dos xogos infantís requirirán dun mantemento especial debido ao seu uso intensivo e á tipoloxía dos usuarios. Porase un énfase especial na hixiene dos areeiros e no soterramento dos elementos da obra civil sobre os que se asentan os xogos infantís e o mobiliario contido na zona infantil.

O Servizo Técnico Municipal poderá requirir cantas análises determine para asegurar as condicións de salubridade nas ditas zonas.

Os labores de conservación son os seguintes:

Nivelación dos areeiros.

A empresa conservadora manterá os areeiros perfectamente nivelados, actuando a unha profundidade de, polo menos, 10cm. Os áridos espaxados como consecuencia ds actividades dos usuarios serán redistribuídos apropiadamente, descompactando as zonas afectadas entre 10 e 20cm, ao enchido dos ocos, o tapado dos fochos e finalmente ao restrelado da superficie.

Preservaranse as condicións estéticas, funcionais, de comodidade e seguridade para os usuarios na totalidade da superficie, aínda que estas serán especialmente cuidadosas coa contorna dos xogos infantís (caída dende os tobogáns, randeeiras, balancíns, etc) ao seu redor e debaixo dos bancos próximos.

Recebo e reposición dos areeiros.

Trimestralmente repoñeranse os niveis de area, empregándose materiais aptos para os efectos, ata que se acade o nivel inicialmente establecido de 10cm de area solta.

Renovación dos areeiros.

A area caída fóra do recinto será retirada pola empresa conservador e en ningún caso devolta ao arriero.

Os traballos de recebo e renovación dos areeiros levarase a cabo con area de características idénticas ás orixinais, sen partículas de lama e sen aristas ou materiais perigosos.

Limpeza.

Este labor deberase realizar tódolos días do ano e estará rematada antes das 10.00h.

3.13. PROGRAMA DE LIMPEZA DOS ESPAZOS VERDES.

Este programa consistirá na limpeza e recollida selectiva dos restos vexetais e doutros residuos que, por calquera medio, acaden os espazos verdes obxecto do contrato, incluídas as papeleiras e os contedores de residuos habilitados para tal fin.

Tamén se inclúen neste apartado a limpeza das fontes e dos tanques instalados dentro das zonas axardinadas, manténdooos sen papeis ou outros obxectos flotantes e de fondo. Os restos vexetais trasladaranse ás áreas de compostaxe e os demais restos (papeis, plásticos, latas, etc) aos contedores máis próximos.

Realizarase igualmente a limpeza de todo tipo de residuos ou obxectos que aparezan nos alcouves das árbores, tñan ou non a súa correspondente reixa ou tapa, volvendo colocala debidamente cando exista.

Cando se produzan actos culturais, sociais, deportivos ou de calquera outro carácter extraordinario nas zonas verdes obxecto de conservación, será obrigatoria a limpeza total da zona afectada, de xeito inmediato á realización do dito acto.

Levarase a cabo a limpeza tanto das zonas axardinadas coma nas de estancia, paseos, camiños, mesas e fogóns da área recreativa, etc, considerándose incluído o custo no cánon ou prezo fixo.

Non obstante, a operación de limpeza realizarase as veces que sexa precisa para que as zonas verdes se atopen perfectamente nun correcto estado de limpeza.

Tamén se levarán a cabo os labores de limpeza nos elementos do mobiliario urbano situado nas zons verdes, manténdooos limpos de: restos, po e lama, manchas, organismos vivos nocivos, etc.

3.14. LIMPEZA E RECOLLIDA SELECTIVA DOS RESÍDUOS.

A limpeza diaria dos espazos verdes require dunha recollida e xestión selectiva dos residuos debido á diferente natureza de cadanseu espazo. A operación de limpeza realizarase tantas veces como sexa necesaria para que os espazos verdes se atopen

libres de calquera tipo de residuo e nun correcto estado de limpeza. As operacións que hai que realizar incluírán actuacións como:

- Limpeza dos paseos, elementos verdes e zonas estanciais.
- Retirada dos enseres xerados pola causa da indixencia.
 - Baleirado das papeleiras e dos contedores.
 - Recollida dos restos vexetais non procedentes doutros labores de conservación (follas, pólas, froitos ...).
- Recollida dos excrementos caninos.
 - Limpeza dos residuos sólidos urbanos despois dos actos ou concentracións cidadáns especialmente nos días festivos.

Naquelas zonas obxecto dun uso máis intensivo, a limpeza realizarase cunha frecuencia específica para cadansúa, incluíndo as fins de semana e os festivos.

Unha vez recollidos os residuos deberanse separar axeitadamente e seren trasladados ao centro ou planta para a súa xestión. Os restos vexetais deberanse trasladar ás áreas de compostaxe, respectando as normas estipuladas para a entrega dos ditos residuos (estado, tamaño, transporte, etc).

Realizarase un manexo dos residuos que evite danos medioambientais e para a saúde das persoas, polo que se buscará en todo momento realiza-las operacións sinaladas nun horario de mínima afluencia aos espazos verdes.

3.14. LIMPEZA E RECOLLIDA DOS RESTOS VEXETAIS DERIVADOS DOS LABORES DE MANTEMENTO.

Os labores de mantemento dos elementos vexetais xeran numerosos restos en forma de pólas, toros, follas, restos de segas, etc que deben ser recollidos durante a mesma xornada laboral coa fin de evitar diferentes problemas (olores por descomposición dos restos da sega, dificultades para a mobilidades dos usuarios pola zona verde, atracción de fenómenos de vandalismo, aumento do risco de incendios, etc).

Os restos vexetais deberanse trasladar ás áreas de compostaxe, respectando as normas estipuladas para a entrega dos ditos residuos (estado, tamaño, transporte, etc).

4. XESTIÓN AMBIENTAL E DA CALIDADE DO SERVIZO.

4.1. PROCEDEMENTO XERAL.

A empresa conservadora disporá de sistemas de xestión ambiental e da calidade integrados para que o servizo pretado desenvolva e implemente uns obxectivos que teñan en conta, ademais dos requisitos legais, outros específicos que a empresa subscriba, achegando a documentación acreditativa para tales efectos.

Ademais de efectuaren un seguemento contínuo, a empresa conservadora revisará a intervalos planificados a xestión do sistema aplicado ao servizo. A auditoría interna constituirá unha ferramenta básica non soamente para a verificación do sistema, senón tamén para avaliar o cumprimento dos requisitos especificados.

O establecemento e a revisión dos obxectivos e a implementación de programas proporcionará unha base sistemática para mellorar tanto o funcionamento dos procesos coma o desempeño ambiental.

O sistema fundamentarase preferentemente na metodoloxía coñecida como *PLANIFICAR – FACER – VERIFICAR E ACTUAR (PHVA)*, que se traduce nun proceso recorrente para a optimización do desempeño, denominado **MELLORA CONTINUA**.

Se ben nas normas internacionais como ISO14001 se adopta esta metodoloxía, outras coma ISO9001 promoven un enfoque baseado nos procesos. Sen embargo, como a sistemática PHVA pode aplicarse a tódolos procesos, as dúas metodoloxías se poden compatibilizar.

En calquera caso, MELLORA CONTÍNUA deberase interpretar segundo os seguintes aspectos:

- Suporá melloras do servizo baseadas en ideas creativas.
- Poderanse obter innovacións incrementais a prezo Baixo.
- Aplicaranse coñecementos existentes.
- Requirirase un alto grao de certeza.
- Presentará un risco baixo para a empresa conservadora

Así mesmo, a aplicación dos obxectivos poderá involucrar tanto á propia organización como aos seus provedores, no ámbito do Servizo.

En definitiva, preténdese que a empresa conservadora se involucre na xestión dos seus procesos e no desempeño ambiental, mediante o establecemento de obxectivos alcanzables que non supoñan un custo significativo.

NOTA: o Departamento de Parques e Xardíns dispón da certificación EMAS, polo que a empresa adxudicataria desenvolverá tódolos seus cometidos de conservación e mantemento segundo o disposto na dita certificación.

4.2. PLAN DE AUTOCONTROL DA CALIDADE.

A empresa adxudicataria disporá dun *Plan de autocontrol da calidade* específico para o desenvolvemento do servizo, sen prexuízo do control da calidade do servizo realizado polo mesmo Concello, ben directamente ou mediante un terceiro.

5. VEHÍCULOS.

As empresas licitadores efectuarán constancia expresa e detallada dos vehículos que se adscriban ao servizo, atendendo non soamente á súa funcionalidade senón tamén a criterios medioambientais e de acesibilidade, e que serán coherentes cos programas de traballo. Amosarase explícitamente a imaxe corporativa da Administración contratante.

En calquera caso, a empres adxudicataria deberá prever uns medios de reserva suficientes para garantir a marcha normal dos traballos.

5.1. REQUIRIMENTOS INTRÍNSECOS.

Non será un requisito imprescindible que a totalidade dos vehículos sexan novos. Sen embargo, non se admitirán aqueles que, ben polo seu estado deficiente, ben por un mal funcionamento non respondan á expectativas xeradas, tanto ao comezo coma durante o desenvolvemento do servizo.

5.1.1. Turismos, furgonetas, todoterreos e vehículo pick – up.

As empresas licitadoras xustificarán a idoneidades dos vehículos ofertados – tanto cualitativa como cuantitativamente – co obxecto de optimizar e administrar os ditos recursos da mellor maneira posible.

Concretarase a situación xeográfica prevista para cadanseu vehículo, a súa adecuación ás necesidades de traslado do persoal, o uso que se prevé, así como a súa utilidade e eficacia no ámbito do servizo.

Igualmente, teranse en conta aqueles aspectos medioambientais que contribúan á diminución dos gases efecto invernadoiro -en diante GEI- e que supoñan un consumo menor de combustible.

5.1.2. Camións.

As empresas licitadoras xustificarán a idoneidades dos vehículos ofertados – tanto cualitativa como cuantitativamente – co obxecto de optimizar e administrar os ditos recursos da mellor maneira posible.

Concretarase a situación xeográfica prevista para cadanseu vehículo, a súa adecuación ás necesidades de traslado do persoal, o uso que se prevé, así como a súa utilidade e eficacia no ámbito do servizo.

Igualmente, teranse en conta aquelas innovacións tecnológicas encamiñadas á diminución do impacto ambiental causado.

Por último, os vehículos deberane adecuar ás características de accesibilidade do medio, e estarán provistos de lementos complementarios axeitados (plumas, volquetes, cisternas).

5.1.3. Vehículos autopropulsados especiais.

Baixo este epígrafe, inclúense aquelas categorías de vehículos que non pertencen a ningún dos grupos anteriores.

As empresas licitadoras xustificarán a idoneidades dos vehículos especiais ofertados – tanto cualitativa como cuantitativamente – co obxecto de optimizar e administrar os ditos recursos da mellor maneira posible.

Concretarase a situación xeográfica prevista para cadanseu vehículo, a súa adecuación ás necesidades de traslado do persoal, o uso que se prevé, así como a súa utilidade e eficacia no ámbito do servizo.

Igualmente, teranse en conta aquelas innovacións tecnológicas encamiñadas á diminución do impacto ambiental causado.

5.1.4. Uso dos vehículos.

A empresa adxudicataria comunicarlle ao Servizo Técnico Municipal as matrículas regulamentarias correspondentes aos modelos ofertados.

Así mesmo, terá as seguintes obrigas:

- Velará polo bo estado dos vehículos, efectuando ás revisións ou reparacións que sexan oportunas, ante calquera circunstancia que supoña un risco significativo cara os propios usuarios do vehículo, a poboación en xeral ou o medio ambiente. En especial, deberanse cambia-los filtros, o aceite e as buxías no momento adecuado, manterase a punto o motor e vixiarase a presión dos neumáticos, así como a conservación do alineado.
- Realizará, coa periodicidade necesaria, lavados tanto no interior coma no exterior dos vehículos.
- Circulará unicamente polos lugares habilitados para tales efectos. Como norma xeral, tódolos vehículos de tracción mecánica non poderán acceder ao interior dos espazos verdes, agás que exista unha autorización expresa que o permita, ou desempeñen labores propias da conservación, tales como a subministración de plantas ou a retirada dos restos vexetais.
- Manterán apagado o motor do vehículo durante as paradas superiores e 2m.
- Evitará a sobrecarga dos vehículos, extraendo do seu interior aqueles obxectos que resulten innecesarios.
- Logo de remata-la xornada de traballo, os vehículos permanecerán custodiados nunhas instalacións adecuadas e, de xeito ningún, permanecerán na vía pública.

6. MAQUINARIA E MEDIOS AUXILIARES.

As empresas licitadoras xustificarán a idoneidades da maquinaria ofertada – tanto cualitativa como cuantitativamente – co obxecto de optimizar e administrar os ditos recursos da mellor maneira posible.

Concretarase a situación xeográfica prevista para cadanseu vehículo, a súa adecuación ás necesidades de traslado do persoal, o uso que se prevé, así como a súa utilidade e eficacia no ámbito do servizo.

Igualmente, teranse en conta aquelas innovacións tecnológicas encamiñadas á diminución do impacto ambiental causado, dependendo da casuística de cada contorna e do labor que se desempeñe. Prestaráselle unha atención especial á redución do nivel sonoro e á diminución dos GEI.

En calquera caso, toda a maquinaria, incluíndo os seus accesorios, así como as ferramentas que se empreguen para este servizo, deberá estar homologada e posuír os certificados correspondentes.

Será requisito imprescindible que a totalidade das unidades de maquinaria sexan novas. Ademais deberanse repor aquelas unidades que queden inservibles.

6.2. MEDIOS AUXILIARES.

As empresas licitadoras xustificarán a idoneidades dos medios auxiliares ofertados, co obxecto de optimizar e administrar os ditos recursos da mellor maneira posible.

A empresa adxudicataria achegará tódalas ferramentas que sexan necesarias para unha boa realización do servizo. Así mesmo, disporá das reservas correspondentes para suplir as incidencias normais que xurdan.

Todoos elementos auxiliares deberanse encontrar en perfecto estado de conservación e limpeza, en todo momento, durante a prestación do servizo.

6.3. USO DA MAQUINARIA E DOS MEDIOS AUXILIARES.

Ao inicio do contrato, a empresa adxudicataria someterá toda a maquinaria ofertada a un proceso de avaliación.

Como norma xeral, será o Servizo Técnico Municipal o que efectúe o dito proceso. Sen embargo, poderán acudir a outros órganos competentes en distintas materias (ruído, contaminación atmosférica, etc).

Ademáis, o Servizo Técnico Municipal establecerá tódalas restricións que considere oportunas con respecto ao uso de determinados equipos.

Cando se efectúen labores de conservación suxeitas a un prazo de tempo que non se poida prolongar, a substitución da maquinaria avariada por outra apta será inmediata.

A adquisición ou o aluguer de todo tipo de material e maquinaria necesarios para a prestación do servizo serán pola conta da adxudicataria. Este alcance inclúe o mantemento, os combustibles e o resto dos gastos necesarios para conservar os equipos en perfecto estado de funcionamento durante o período de vixencia do contrato.

Se para a correcta prestación do servizo, a maquinaria ou os medios auxiliares ofertadas resultasen insuficientes –tanto cualitativa como cuantitativamente- a empresa adxudicataria deberá adquirir *“pola súa conta e risco”* cantas unidades sexan necesarias para acadar o nivel requirido.

A totalidade do material ofertado na licitación, será para o seu uso exclusivo durante o contrato. Unicamente poderán ser empregados en traballos alleos ou por terceiros en situacións excepcionais e logo da aprobación do Servizo Técnico Municipal.

7. ORGANIZACIÓN TÉCNICA DO ADXUDICATARIO.

A empresa adxudicataria disporá do persoal necesario en cada momento e época do ano para a boa execución dos labores de conservación. Non obstante, está obrigado a manter un persoal mínimo qu deberá quedar plenamente reflectido e xustificado na oferta.

Para a adjudicación do contrato, a empresa deberá achegar o organigrama do persoal técnico, no que quedarán perfectamente definidos os nomes e as función de cada seu integrando, incorporando os seus datos de contacto (teléfono, fax, e-mail, etc). Calquera modificación deste persoal deberalle ser notificado de inmediato ao Servizo Técnico Municipal.

O horario de traballo será proposto pola empresa e aprobado polo Servizo Técnico Municipal. O persoal estará adscrito exclusivamente ao servizo, quedando prohibida a súa participación total ou parcial noutra actividade ou servizo distinto ao de conservación dos espazos verdes e do arborado urbano. En consecuencia o persoal,

tanto técnico coma operativo, deberá ir en todo momento uniformado e/ou identificado cos símbolos ou distintivos designados para o servizo.

O persoal operativo estará debidamente xustificado segundo a organización dos traballos e o seu alcande. Establécense de seguido uns medios operativos de referencia para a prestación do servizo.

No ANELLO 5. CADRO DO PERSOAL SUXEITO A SUBROGACIÓN, achéganse os datos referentes ao persoal que hai que subrogar.

8. INSTALACIÓNS PARA O PERSOAL.

A empresa adxudicataria poderá utilizar –logo da autorización do Servizo Técnico Municipal- os edificios, casetas, almacéns e depósitos afectados ao servizo de conservación dos espazos verdes.

9. PROMOCIÓN DO SERVIZO ENTRE OS TRABALLADORES.

A empresa adxudicataria promoverá, entre os traballadores adscritos ao servizo, aquelas actividades encamiñadas a unha mellora nas condicións de traballo e que redunden nunha calidade maior, eficacia e eficiencia no desempeño dos labores. Para os efectos, tomará accións de carácter formativo, comunicativo, formativo e motivador.

9.1. INFORMACIÓN.

A empresa adxudicataria proporcionará a información necesaria para comprometer aos traballadores cos obxectivos do servizo. Para iso desenvolverá un sistema eficaz, que favoreza o axeito fluxo da información –ascendente, descendente e horizontal- a través das canles –tanto formais coma informais- establecidas na organización.

9.2. COMUNICACIÓN.

A empresa adxudicataria comunicarlle as tarefas encomendadas a tódolos traballadores, tendo en conta os factores psicolóxicos que interveñen no dito proceso, como son a percepción, a atención, a actitude e a personalidade. Para optimizar a súa eficacia, deberase garantir que o receptor comprendeu a mensaxe transmitida polo emisor.

- Coñecer a superficie real dos elementos superficiais.
- Coñecer o grao de detalle na delimitación dos elementos superficiais e a precisión dos elementos puntuais.
- Determinar a axeitada identificación dos elementos puntuais –tanto na nomenclatura coma nas características e atributos do elemento- actualizados cada período de tempo.

10. XESTIÓN DOS SISTEMAS DE COMUNICACIÓN.

A empresa conservadora deberá contar cun Sistema de Comunicación Informatizado que garanta o fluxo da información interna entre os diferentes niveis da xestión do servizo.

Simultaneamente, coa fin de atender a demanda de información por parte do Servizo Técnico Municipal, a empresa deberá implementar os módulos de comunicación necesarios para a transmisión da documentación de xeito áxil, inmediato e nos prazos prescritos.

11. RESPONSABILIDADE TÉCNICA E CONTROL DO SERVIZO.

11.1. POLA PARTE DO CONCELLO.

O Departamento de Parques e Xardíns, velará e controlará en todo momento que a forma de prestación do servizo adxudicado se axusta ás especificacións do presente prego.

A Dirección e Inspección Técnica dos traballos descritos neste prego de condicións exercerase directamente polos técnico municipais do Departamento, segundo as competencias establecidas para eles.

O servizo contará cun libro de ordes facilitado pola concesionaria no que quedarán reflectidas tódalas correccións ou modificacións que se estimen oportunas polo Servizo Técnico Municipal. As ditas correccións ou modificacións no servizo deberán ser consideradas para a súa aplicación de xeito inmediato pola empresa conservadora. Así mesmo, poderanse transmitir ordes e instrucións de traballo mediante carta ou correo electrónico e mesmo verbalmente.

O Servizo Técnico Municipal tramitará as autorizacións e os permisos que sexan necesarios para o normal desenvolvemento do servizo, así como en situacións excepcionais ou de emerxencia, nas que se encargarán tamén de se coordinar cos distintos servizos municipais implicados.

11.2. POLA PARTE DA EMPRESA ADXUDICATARIA.

A empresa adxudicataria interverá directamente, sen necesidade de autorización expresa polo Servizo Técnico Municipal, naquelas operacións de inspección, detección e reparación dos desperfectos ou avarías que se atopen incluídos na modalidade de prezo a pagar.

Nas situacións excepcionais ou de emerxencia, os medios adscritos ao servizo poderanse por ás ordes do Servizo Técnico Municipal coa fin de solucionar a situación eventual, aínda cando estas se dean fóra do horario habitual de traballo.

A empresa adxudicataria estará obrigada ao cumprimento do contrato coa estrita suxeición ao Prego de condicións técnicas, ás melloras contidas na súa oferta e ás ordes que a través de calquera medio (escrito, verbal ou dixital) procedan do Servizo Técnico Municipal de Parques e Xardíns.

A empresa adxudicataria estará obrigada a pagar os gastos que se deriven da obtención das autorizacións, licenzas, documentos ou calquera outro trámite relacionado co servizo, así como a abonar os impostos, dereitos, taxas, compenacións, prezos públicos e outras prestacións patrimoniais de carácter público que resulten como consecuencia do contrato o da súa execución.

A empresa adxudicataria adoptará as medidas preventivas necesarias para evitar accidentes e/ou prexuízos de toda orde sobre as persoas ou os bens. Os danos e perdas causados en calquera dos elementos dos espazos verdes, edificios municipais

e demais elementos de propiedade municipal, serán responsabilidade da empresa adxudicataria cando se deban a negligencia, culpa ou incumprimento do dito prego, así como por unha inadecuada execución dos labores.

A empresa deberá minimiza-los impactos ambientais ocasionados sobre o medio ambiente en xeral, a atmósfera, o solo, os recursos hídricos e calquera outro ben natural que puidera ser impactado durante a execución do servizo.

A empresa adxudicataria será a responsable de lles imprimir aos traballadores un rito de traballo axeitado, capaz de acadar os obxectivos previstos en canto a calidade e cantidade dos labores.

Mensualmente, a empresa adxudicataria comunicarlle ao Servizo Técnico Municipal a programación dos traballos previstos para o mes seguinte e os executados durante o mes anterior, de xeito que podan coñecer o grao de adecuación dos traballos aos programas de xestión. Para iso, o Servizo Técnico Municipal definirá o modelo de presentación da dita programación mensual. Esta programación mensual deberá incluír a situación exacta na que se executará cada labor e o técnico da empresa responsable del, así como os seus datos de contacto.

Enténdese por tempada alta e baixa respectivamente:

- Tempada baixa: xaneiro, febreiro, marzo, outubro, novembro e decembro.
- Tempada alta: abril, maio, xuño, xullo, agosto e setembro.

12. CONTROL DE CALIDADE DO SERVIZO.

O Servizo Técnico Municipal, por sí mesmo ou por medio dun terceiro asignado, levará a cabo o control de calidade do servizo obxecto do contrato, segundo o Prego de condicións técnicas e o desenvolvemento técnico ofertado pola empresa conservadora na fase da licitación.

A empresa adxudicataria do servizo de conservación coñecerá o alcance do control de calidade do servizo que hai que prestar, asumindo que deberá colaborar e facilitar a información requerida, con acceso ás tarefas de control dos traballos.

13. ANELLOS.

ANELLO I. TIPOLOXÍA DOS ESPAZOS VERDES.

ANELLO II. CONDICIÓNS TÉCNICAS DOS MATERIAIS.

ANELLO III. ELEMENTOS QUE HAI QUE CONSERVAR.

ANELLO IV. PLANOS.

ANELLO V. FRECUENCIA DE REFERENCIA PARA A EXECUCIÓN DOS TRABALLOS.

ANELLO VI. CADRO DO PERSOAL SUXEITO Á SUBROGACIÓN.

ANELLO VII. CONTROL DE CALIDADE DO SERVIZO.

ANELLO I. TIPOLOXÍA DOS ESPAZOS VERDES E RELACIÓN DAS ZONAS.

As tipoloxías dos espazos verdes veñen afectadas principalmente polas necesidades dos recursos humanos, polo deseño e a ocupación de cadanseu elemento, pola accesibilidade e a superficie da zona verde. Dende un punto de vista da xestión e da dotación dos recursos, os aspectos máis decisivos son o grao de ocupación da zona

verde e de cadanseu elemento que a compón. Atendendo estes criterios os espazos verdes municipais seguirán a seguinte clasificación:

CONSERVACIÓN DAS ZONAS.

Programa de xestión aplicable.

1. Rega
2. Fertilizado.
3. Entrecavados e escardas.
4. Escardas químicas.
5. Poda, recorte dos setos e topiarias.
6. Reposicións e plantacións novas
7. Segas de céspede.
8. Resementeiras.
9. Tratamentos fitosanitarios.
10. Rede de rega.
11. Limpeza.

CONSERVACIÓN DO ARBORADO EN ALCOUVE E XARDINEIRAS.

Programa de xestión aplicable.

1. Rega.
2. Fertilizado.
3. Entrecavado e escardas.
4. Escardas químicas.
5. Poda.
6. Reposicións.
7. Aireados.
8. Tratamentos fitosanitarios.
9. Limpeza.

ANELLO II. CONDICIÓNS TÉCNICAS DOS MATERIAIS E CONSUMIBLES.

1. CONDICIÓNS XERAIS.

O Servizo de conservación e mantemento dos espazos verdes deberá optimizar os combustibles e os materiais necesarios para conseguir os niveis de calidade esperados e reducir o impacto ambiental. Para iso teranse en consideración os seguintes criterios:

- Buscarase en todo momento o emprego de materiais e produtos ecolóxicos que garantan unha xestión ambiental adecuada e que presenten un certificado acreditativo da dita condición.
- Empregaranse preferentemente materiais e consumibles cun consumo de enerxía reducido no procesado ou fabricación, non contaminantes, ecolóxicos, reciclados e/ou reciclables e de provedores locais.
- Evitarase que os ditos materiais produzan impactos nos ecosistemas ou se comporten coma residuos tóxicos e perigosos.

2. MATERIAIS E CONSUMIBLES.

2.1. AUGAS.

2.1.1. Auga da rega.

Definición.

A auga para a rega deberá conter o conxunto de características físicas, químicas e biológicas que favorezan o desenvolvemento dos vexetais sen prexudicar a capacidade do chan coma soporte.

Medición:

As unidades de medición da auga para a rega serán o litro (l) e o metro cúbico (m³)

2.1.2. Auga regenerada para a rega.

Definición.

Auga que xa foi empregada con fins domésticos e que, logo de someterse a varios tratamentos químicos ou biológicos, poida ser utilizada directamente para a rega dos espazos verdes.

2.1.3. Auga potable para o consumo.

Definición.

Auga potabile ou apta para o consumo humano é aquela cuia ingestión non causa efecto nocivo ningún para a saúde, e que require antes da súa disposición para o uso humano dun proceso de potabilización para eliminar as partículas de arxila, as algas e os microbios.

2.2. ÁRIDOS.

2.2.1. Árido reciclado.

Definición.

Árido resultante do tratamento do material inorgánico previamente empregado na construción. Logo dun proceso de clasificación e limpeza permite a súa utilización como base e subbase dos pavimentos, en formigóns de limpeza, en dosificación de mestura asfáltica ou como material drenante.

Características técnicas e condicións de uso.

Os requisitos técnicos que deben cumprir os áridos reciclados son os mesmos que para os áridos non reciclados. Os parámetros que se avalían son de tipo xeométrico, físico, químico e medioambiental e moitas veces hanse de implementar cunha serie de comprobacións adicionais de carácter físico e químico para acreditar a calidade do árido. Para a fabricación dos formigóns soamente se permitirá empregar ata un máximo do 20% de árido reciclado mesturado co árido natural, para evitar unha diminución da calidade do formigón resultante.

Medición.

As unidades de medición do árido reciclado serán o metro cúbico (m³) e a tonelada (t).

2.2.2. Zahorra.

Definición.

Defínese así o material granular, de granulometría contínua, empregado como capa de firme.

Denomínase zahorra artificial ao constituído por partículas total ou parcialmente trituradas, na proporción mínima que se especifique para cadanseu caso.

Medición.

As unidades de medición da zahorra serán o metro cúbico (m³) e a tonelada (t).

2.2.3. Grava.

Definición.

A grava é aquela cuia fracción é maior de 5mm. Empréganse cos áridos para a fabricación de morteiros e formigóns, así como material de drenaxe, procedentes de xacementos naturais de rocas machucadas ou escorias siderúrxicas apropiadas.

Medición.

As unidades de medición das gravas serán o metro cúbico (m³) e a tonelada (t).

2.2.4. Area coma unidade auxiliar da obra.

Definición.

Defínese como area ou árido fino aquela cuia fracción é inferior a 5mm. Emprégase nos morteiros, lucimentos de cemento e leitadas de cemento.

Características técnicas.

A area será de cantos vivos, fina, granulosa, composta de partículas fortes, resistentes e sen revestimentos de clase ningunha. Procederá dun río, unha mina ou unha canteira. Estará exenta de arxila ou materiais terrosos.

Medición.

As unidades de medición da area como elemento auxiliar serán o metro cúbico (m³) e a tonelada (t).

2.2.5. Area de río como elemento amortecedor – xogo.

Definición.

Material granular dun tamaño que oscila entre 0,06 – 2mm. Esta area é un elemento constitutivo principal para os areeiros situados nos espazos verdes de uso público, destinados a seren utilizados, de xeito clectivo, polos nenos, os cales teñen unha función de xogo ou unha función de pavimento amortecedor como superficie de recepción dun ou máis equipamentos de áreas de xogo colectivo e son implantadas ao aire libre ou non.

Características técnicas e condicións de uso.

Empregarase preferentemente area natural de orixe aluvial e opcionalmente area da praia, de ladeira, de morrena, fluvioglacial, etc, disgregada e lavada. A forma das partículas de area será equidimensional e non angular, preferentemente redondeada.

Medición.

As unidades de medición da area de río como elemento amortecedor e de xogo serán o metro cúbico (m³) e a tonelada (t).

2.3. TERRAS VEXETAIS.

2.3.1. Terra de xardinería ou terra vexetal de xardín.

Definición.

Terra orgánica apta para o cultivo das plantas ornamentais, que resulta da descomposición dos restos vexetais, principalmente das follas.

Medición.

As unidades de medición da terra de xardinería serán o metro cúbico (m³) e a tonelada (t).

2.4. ACOLCHADOS.

2.4.1. Acolchado orgánico.

Definición.

Acolchado formado por materiais orgánicos que poden ser de orixe natural, xeralmente hixienizados ou comportados, como por exemplo as follas, as codias, as serraduras, as cáscaras dos froitos secos ou as pallas.

Medición.

As unidades de medición do acolchado orgánico serán o metro cúbico (m³) e a tonelada (t).

2.4.2. Acolchado orgánico de síntese.

Definición.

Acolchado de orixe sintética, formado por fibras sintéticas como por exemplo os xeoprodutos de enxeñería desta natureza, xeomalla de fibras sintéticas, geotextil ou manta orgánica de fibras sintéticas.

Medición.

As unidades de medición do acolchado orgánico de síntese serán o metro cúbico (m³) e a tonelada (t).

2.4.3. *Acolchado inorgánico.*

Definición.

Acolchdo formado por áridos coma guixarros ou arxilas.

Medición.

As unidades de medición do acolchado inorgánico serán o metro cúbico (m³) e a tonelada (t).

2.5. PRODUTOS FERTILIZANTES.

2.5.1. *Fertilizantes orgánicos.*

Definición

Defínenese así as substancias orgánicas de cuia descomposición, causadas polos microorganismos que hai no chan, resulta unha achega de humus e unha mellora na textura e na estrutura do chan.

Medición.

As unidades de medición dos fertilizantes orgánicos serán o quilogramo (kg), o litro (l) e a tonelada (t).

2.5.2. *Fertilizantes minerais.*

Definición.

Son os produtos que proporcionan ao chan un ou máis elementos fertilizantes.

Medición.

As unidades de medición dos fertilizantes minerais serán o quilogramo (kg), o litro (l) e a tonelada (t).

2.5.3. *Fertilizantes organominerais.*

Definición

Produto cuia función principal é a de achegar nutrientes para as plantas, os cales son de orixe orgánico e mineral, e que se obteñen mediante a mestura ou a combinación química dos fertilizantes inorgánicos cos fertilizantes orgánicos ou turba.

Medición.

As unidades de medición destes fertilizantes serán o quilogramo (kg), o litro (l) e a tonelada (t).

2.5.4. *Compost.*

Definición

Produto orgánico cuxa materia foi estabilizada ata se transformar nun produto parecido ás substancias húmicas do chan, que está libre de axentes patóxenos e de sementes das herbas malas, que non atrae ós insectos ou vectores, que pode ser manipulado e almacenado sen causar molestias e que é beneficioso para o chan e mailo desenvolvemento das plantas.

Medición.

As unidades de medición do compost serán o quilogramo (kg) e a tonelada (t).

2.5.5. Mantillo ou humus.

Definición.

Conxunto de restos orgánicos parcialmente descompostos de orixe principalmente vexetal, de estrutura e composición complexas e de cor moreno escuro, que contribúen á fertilidade e á estabilidade estrutural do chan.

Medición.

As unidades de medición do humus serán o quilogramo (kg) o litro (l) e a tonelada (t).

2.5.6. Emendas calizas.

Definición.

Produtos de orixe natural ou sintetizado cuxo compoñente principal é o calcio en moitas das súas presentacións, e cuxo emprego está xustificado pola carencia de cal nos chans.

Medición.

As unidades de medición das emendas calizas serán o quilogramo (kg) o litro (l) e a tonelada (t).

2.5.7. Outras emendas inorgánicas.

Definición.

Calquera outra formulación que teña por obxectivo a modificación dos chans sódicos, arxilosos, con déficit de materia orgánica, calcáreos, etc... e que deberá presentar as mesmas características granulométricas, contido en Ca² e SO₃ e medición que as definidas para as emendas calizas.

2.6. PRODUTOS PRAGUICIDAS.

2.6.1. Herbicidas.

Definición.

Substancias ou ingredientes activos que combaten as herbas malas (grama, avea silvestre, etc).

Medición.

A unidade de medición das herbicidas será o quilogramo (kg) ou litro (l) de herbicida.

2.6.2. Insecticidas.

Definición.

Substancias ou ingredientes activos que controlan os insectos (minadores, trips, pulgóns, etc).

Medición.

A unidade de medición do insecticida será o quilogramo (kg) ou litro (l) de insecticida.

2.6.3. Acaricidas.

Definición.

Substancias ou ingredientes activos para o control dos ácaros da splantas (araña vermella, araña branca, etc).

Medición.

A unidade de medición será o quilogramo (kg) e o litro (l).

2.6.4. Nematicidas.

Definición.

Substancias ou ingredientes activos para o control de nematodos (Globodera, Meloidogyne, etc).

Medición.

A unidade de medición de nematicidas será o quilogramo (kg) e o litro (l).

2.6.5. Funxicidas.

Definición.

Substancias ou ingredientes activos que actúan contra os fungos causantes das enfermidades nas plantas (oidio, mildiu, fusarium, etc).

Medición.

A unidade de medición dos funxicidas será o quilogramo (kg) e o litro (l).

2.6.6. Feromonas.

Definición.

Substancias de natureza química, propias e exclusivas de cadansúa especie que emite un determinado individuo e que son recollidas por outro ou outros da mesma especie, provocando entre eles reaccións de agregación, alarma, sexuais, etc.

Medición.

A unidade de medición das feromonas será a unidade de trampa de feromona (ud).

2.6.7. Produtos biolóxicos para o control das pragas.

Definición.

Son organismos vivos autóctonos ou incorporados artificialmente que se empregan para controlar unha praga concreta.

Medición.

A unidade de medición dos produtos biolóxicos será a unidade (ud) ou quilogramo (kg) de parásito, depredador, microorganismo

2.7. MATERIAL VEXETAL

2.7.1. Árbores de folla caduca.

Definición.

Árbore que estacionalmente perde e renova a súa follaxe.

Medición.

A unidade de medición das árbores de folla caduca será a unidade da árbore (ud).

2.7.2. Árbores de folla perenne.

Definición

Árbore coa follaxe fotosinteticamente activa todo o ano, cujas follas vellas non caen antes de medraren outras novas.

Medición.

A unidade de medición das árbores de folla perenne será a unidade da árbore (ud).

2.7.3. Coníferas e resinosas.

Definición.

Plantas incluídas nas familias das pináceas, cupresáceas, taxáceas, taxodiáceas, araucariáceas, podocarpáceas e cefalotaxáceas, da clase *Gimnospermas*. Caracterízanse por seren plantas leñosas con follas aciculares, lineares ou escumiformes e con flores a miúdo despostas en pés monoicos.

Medición.

A unidade de medición das coníferas e resinosas de folla caduca será a unidade da árbore (ud).

2.7.4. *Palmeiras.*

Definición.

Planta da familia aracaceae (palmae) que pola súa estética ou funcionalidade e mediante a súa comercialización está destinada a ser empregada na xardinería.

Medición.

A unidade de medición será a unidade de palmeira (ud).

2.7.5. *Arbustos.*

Definición.

Vexetal leñoso, xeralmente sen toro único predominante xa que ramifica dende a base e que, no seu estado adulto, acada normalmente entre 1 e 5 metros de altura.

Medición.

A unidade de medición será a unidade de arbusto (ud).

2.7.6. *Matas e subarbustos.*

Definición.

Considérase coma unha mata ao vexetal leñoso parecido a un arbusto, sen toro principal pero con numerosas ramificacións laterais, que xeralmente no chega a acadar o metro de altura nin o metro de anchura. O subarbusto é un vexetal parecido a un arbusto ou mata, xeralmente de pouca altura e soamente lignificado na base.

Medición.

A unidade de medición será a unidade de mata ou subarbusto (ud).

2.7.7. *Trepadoras.*

Definición.

Planta que, ao non se poder manter erecta por sí mesma, trepa ou se enreda sobre un soporte mediante un sistema de fixación (zarcillos, uñas, etc) ou ben enroscándose se a planta é voluble.

Medición.

A unidade de medición será a unidade de trepadora (ud).

2.7.8. *Plantas tapizantes.*

Definición.

Planta que, polo seu tipo de crecemento ten capacidade para recubri-lo chan outorgándolle un aspecto de tapiz ou alfombra, incluíndo tanto os arbustos rasteiros como as plantas herbáceas tapizantes.

Medición.

A unidade de medición será a unidade de planta tapizante (ud).

2.7.9. Herbáceas.

Definición.

Planta herbácea que pode vivir tres ou máis anos. Pode ser de follaxe perenne ou caduca. Neste segundo caso acostuma chamarse *planta vivaz*.

Medición.

A unidade de medición será a unidade de planta herbácea (ud).

2.7.10. Rosais.

Definición.

Plantas leñosas, caducifolias ou perennifolias e herbáceas normalmente perennes da familia das rosáceas.

Medición.

A unidade de medición será a unidade de planta rosal (ud).

2.7.11. Plantas de flor.

Definición.

Plantas herbáceas anuais ou bianuais que destacan polas súas chamativas floracións e que se pasan tra-la dita floración ou co cambio da estación.

Medición.

A unidade de medición será a unidade de planta (ud).

2.7.12. Plantas autóctonas para a revexetación.

Definición.

Plantas presentes de forma natural e espontánea no territorio de actuación e que forman parte dos espazos verdes polo seu alto valor estético, pola adaptación ao territorio, un custo de mantemento baixo ou nulo, etc.

Medición.

A unidade de medición será a unidade de planta autóctona (ud).

2.7.13. Sementes de céspedes e pradeiras.

Definición.

Embrión nun estado de vida latente, capaz de xermolar e desenvolverse, que foi producido, manipulado e comercializado segundo as especificación do *Regulamento técnico de control e certificación*.

Medición.

A unidade de medición das sementes será o quilogramo de semente (kg).

2.7.14. Tepes.

Definición.

Porción de substrato cuberto de céspede precultivado en orixe ata chegar ao estado completo da madureza, extraído en placas paralelepípedicas ou en rolos, que son transportados e finalmente transplantados nos espazos verdes.

Medición.

A unidade de medición dos tepes será o metro cadrado (m²) e o litro (l).

2.7.15. Normativa de obrigado cumprimento.

Será de aplicación e obrigado cumprimento a normativa e a lexislación recollidas polas NTJ sobre *Calidade xeral da materia vexetal. Subministración de material vexetal. Calidade xeral do material vexetal.*

2.8. MATERIAIS DA REDE DE REGA.

2.8.1. Aspersores.

Definición.

Dispositivo que proxecta un ou máis chorros de auga rotativos e que permite a rega por aspersión.

Medición.

A unidade de medición será a unidade de aspersor (ud).

2.8.2. Difusores.

Definición

Dispositivo que proxecta un abanico de auga fino e que permite a rega por difusión.

Medición.

A unidade de medición será a unidade de difusor (ud).

2.8.3. Goteiros.

Definición

Dispositivo instalado nunha liña de rega que permite aplicar auga en forma de gotas ou fluxo continuo localizado nas proximidades das plantas.

Medición.

A unidade de medición será a unidade de goteiro (ud).

2.8.4. Bocas de rega e hidrantes.

Definición.

Arqueta con tapa xeralmente rasada ao nivel do chan, provista dunha válvula manual e dun acople rápido que permite a conexión dunha manguera.

Medición.

A unidade de medición será a unidade de boca de rega ou hidrante (ud).

2.8.5. Válvulas de peche.

Definición.

Compoñente dunha tubería que permite modificar o caudal abrindo, cerrando ou obstruíndo parcialmente o paso do fluído, desviándoo ou mesturándoo.

Medición.

A unidade de medición será a unidade de válvula (ud).

2.8.6. Filtros.

Definición.

Dispositivo para o filtrado da auga de rega fronte aos contaminantes físicos ou suspensión de tipo orgánico (algas, insectos) ou inorgánico (area, lomo) e químicos en disolución (precipitados minerais sólidos).

Medición.

A unidade de medición dos filtros será a unidade de filtro (ud).

2.8.7. Tuberías de pvc.

Definición.

Tubería empregada para transportar a auga da rega a presión, construída con cloruro de polivinilo.

Medición.

A unidade de medición será o metro lineal de tubería de pvc. (m)

2.8.8. Tuberías de polietileno.

Definición.

Tubería utilizada para transportar a auga da rega a presión, construída en polietileno.

Medición.

A unidade de medición será o metro lineal de tubería de polietileno. (m)

2.8.9. Bombas.

Definición.

Equipo para as operacións de extracción e transporte da auga da rega, que transfire a presión dinámica ou a altura necesaria e o caudal de auga requirido para o funcionamento correcto da instalación da rega.

Medición.

A unidade de medición será a unidade de bomba.

2.8.10. Elementos e pezas especiais nas tuberías.

Definición.

Inclúense elementos tales coma cóbados, tes, reducións, etc, que establecen continuidade e derivación das conducións.

Medición.

A unidade de medición dos elementos especiais será a unidade.

2.8.11. Outros elementos da rega.

Definición.

O resto dos elementos necesarios.

Medición.

A unidade de medición será a correspondente.

2.8.12. Normativa de obrigado cumprimento.

Será de aplicación e obrigado cumprimento a normativa e a lexislación recollida na NTJ sobre instalacións dos sistemas de rega.

ANELLO III. ELEMENTOS QUE HAÍ QUE CONSERVAR.

TIPO DE PARQUE	NIVEL	CÓDIGO	LOCALIZACIÓN	NOME DA ZONA	Nº ALCOUVES	SUPERFICIE
BARRIO	1 - 2	194	N	PARQUE DE SALGUEIRIÑOS (Urbanización)	200	69.513m ²

ANELLO IV. PLANOS.

ANELLO V. FRECUENCIA DE REFERENCIA PARA A EXECUCIÓN DOS LABORES.

Os labores realizaranse segundo o disposto nos distintos programas de xestión e planes específicos e segundo as propostas dos licitadores.

ANELLO VI. CADRO DO PERSOAL SUXEITO A SUBROGACIÓN.



DATOS SUBROGACIÓN PARQUES E XARDÍNS - DIXARDÍN 2015							
	% Xornada	Categoría	Tipo Contrato	Antigüidade	Salario Bruto Anual	Seguridade Social	Total
I.T., J.C.	20	Mando Intermedio	Indefinido	2004	18.999,96	5.870,99	4.974,19
R.B., F.	100	Mando Intermedio	Indefinido	2003	14.000,00	4.690,00	18.690,00
D.V., A.	100	Técnico non cualificado	Indefinido	2008	12.089,98	4.050,14	16.140,12
L.P., M.A.	100	Técnico Axudante	Indefinido	2007	12.600,00	4.221,00	16.821,00
S.F., S.	100	Técnico non cualificado	Indefinido	2004	9.482,20	3.176,54	12.658,74



D. Carlos Iglesias Moscoso con DNI 46913769-W e domicilio en Polígono Industrial Costa Vella, Santiago de Compostela, Provincia de A Coruña, rúa Republica Checa nº 17.

En representación da empresa COREGAL PARQUES E XARDINS, S.L., con CIF B-15.731.797 a que representa,

Declara, que a documentación enviada ao servizo de Parques e Xardíns do Concello de Santiago, TCS e DATOS DE TRABALLADORES A SUBROGAR, respecto do respecto do persoal que presta o Servizo de conservación e mantemento do Parque de Salgueiriños, axustase á realidade.

Así mesmo declara que Coregal Parques e Xardíns S.L., se acha ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

En Santiago de Compostela a 23 de Xuño de 2015

Asdo.: Carlos Iglesias Moscoso



ANELLO VII. CONTROL DE CALIDADE DO SERVIZO.

O Servizo Técnico de Parques e Xardíns –por sí mesmo ou a través dun terceiro asignado para os efectos- levará a cabo o control de calidade do servizo obxecto do contrato, segundo o Prego de condicións técnicas e o desenvolvemento técnico ofertado pola empresa conservadora na fase da licitación.

O control de calidade desenvolverase de forma directa mediante o seguemento da prestación do servizo (cumprimento dos programas de xestión, desenvolvemento técnico dos traballos, calidade dos materiais e consumibles, formación e capacidade técnica dos medios humanos, etc) e de forma indirecta mediante a avaliación do estado de conservación dos espazos verdes (cumprimento dos parámetros identificativos da calidade dos elementos dos espazos verdes).

CONTROL DA CALIDADE DA PRESTACIÓN DO SERVIZO.

A calidade da prestación do servizo realizarase mediante a comprobación directa dos medios e dos procedementos desenvolvidos pola empresa conservadora para a consecución dos obxectivos de calidade definidos no presente Prego de condicións técnicas. Serán polo tanto obxecto de control directo os seguintes:

- Programas de xestión: seguimento do cumprimento dos programas de xestión de xeito que tódolos elementos integrados nos espazos verdes sexan obxecto dos labores necesarios para o seu correcto mantemento e conservación, na época e coas condicións óptimas.
- Labores e operacións simples: avaliación da correcta execución dos labores de conservación (ex. Plantación) e das operacións simples (ex. Transporte da planta), cúa adecuada consecución influirá na calidade final do elemento.
- Materiais e consumibles: estimación directa do cumprimento das condicións técnicas dos materiais e dos consumibles empregados, segundo a normativa e a legislación esixible a cadanseu elemento.
- Persoal técnico e operativo: comprobación da correcta dotación e preparación técnica dos medios humanos necesarios para o servizo, a decuada planificación e organización dos medios respecto ao ámbito do traballo, así como a idoneidade das medidas de seguridade individual e colectiva.
- Vehículos: comprobación da dotación e dos requisitos esixibles aos vehículos, coherencia co ámbito do servizo, cumprimento dos parámetros medioambientais, exclusividade da súa utilización, etc.
- Ferramentas e maquinaria: avaliación do estado e do mantemento, así como da idoneidade das ferramentas e da maquinaria respecto dos labores e das condicións do servizo.
- Obras: control dos traballos realizados e da subministración dos materiais segundo a modalidade de contratación por valoración de obra, servizo ou subministración.
- Control de calidade interno: seguemento do Plan de aseguramento da calidade e da xestión informática do servizo (programas de xestión, comunicacións, inventario, cartografía) desenvolvido pola empresa conservadora.

Para o desenvolvemento e aplicación do control de calidade da prestación do servizo, o Servizo Técnico Municipal poderalle solicitar á empresa conservadora a información precisa coa periodicidade que considere necesaria para os ditos efectos.

Santiago de Compostela- xullo de 2015.

